



PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN POLO CONCELLO DE MIÑO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA PROFESIONAL DE SOCORRISTA.

En Miño, o 17 de xuño do 2024, sendo as 10:00 horas, reúnese no local social da Rúa de Miño o Tribunal cualificador das probas selectivas para a creación dunha bolsa de emprego na categoría profesional de SOCORRISTA, para cubrir as necesidades deste persoal na inminente tempada de verán 2024, e do que se atopan os seguintes membros:

- Presidente: don José Antonio Fernández Balsas, (Operario Membro GES).
- Secretario: don Manuel Ares García, funcionario do Concello de Miño.
- Primeiro vogal: Ausente
- Segunda vogal: dona Sonia Alonso Figueroa, persoal laboral fixo do Concello de Miño.
- Terceira vogal: dona Ángeles Pantín Morado, persoal laboral fixo do Concello de Miño.

Dada a presenza tanto do presidente como do secretario, considérase cumprido o requisito regulamentario para a válida **constitución e actuación**, polo que o tribunal procede a examinar as alegacións presentadas.

Dona Elisa María Fraga Galdo alega:

Que o primeiro exercicio da fase de oposición era o mesmo que o do ano anterior, e que os/as aspirantes coñecían as respostas.

Que nas bases da convocatoria non aparecía como ía ser o desenvolvemento da proba práctica nin os criterios de avaliación, non debendo pospoñer ademais a dita proba.

Que a proba práctica non distinguíu diferentes criterios físicos para homes e mulleres, incumprindo así o establecido no Plan de Igualdade do Concello de Miño.

Don Martín Rodríguez Faraldo alega:

Que as probas propostas polo concello non se axustaron á convocatoria publicada no BOP do 22 de maio de 2024, xa que a primeira proba tipo test era o mesmo exame do ano pasado e moitos aspirantes xa o tiñan no seu poder.

Que a segunda proba realizada o 7 de xuño foi obxecto de anulación sen motivación suficiente.

Que a segunda proba se realizou sen recibir as indicacións suficientes e os criterios para a súa avaliación.

Que no contorno do tribunal había unha persoa allea, que non formaba parte do mesmo e que estaba relacionada cun dos aspirantes.

Que a súa descualificación foi inxusta porque é imposible que os membros do tribunal puideran observar que ía cos pés na area.



Que o día 12 se repite a segunda proba cambiando a tipoloxía da mesma, sen recibir as indicacións suficientes e os criterios para a súa avaliación.

Que se anule a proba realizada o día 12 de xuño de 2024 e que se repita a dita proba práctica ou, de non estimar a nulidade, que se cualifique a este aspirante tendo en conta a súa posición de chegada na proba física practicada o día 12 de xuño de 2024, ou de non estimar ningunha destas peticións que se anule a proba práctica do día 12 de xuño de 2024 e proceda a publicar as puntuacións da proba práctica realizada con data 7 de xuño de 2024 conferindo un novo prazo de alegacións.

Vista a **reclamación presentada por dona Elisa María Fraga Galdo, o tribunal acorda desestimar a dita reclamación** polos motivos seguintes:

O exame tipo test correspondente á primeira proba non era o mesmo do ano anterior.

De acordo coas bases da convocatoria, o segundo exercicio consistiría nunha proba práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo, polo que o tribunal confeccionou unha proba consistente en percorrer unha distancia de 100 metros e deseguido entrada perpendicular na auga e natación en paralelo á beira e en sentido contrario á carreira, o cal se axusta ao regulado nas bases.

Tendo en conta que o sistema de selección das bases da convocatoria non establece criterios distintos entre homes e mulleres para a realización do exercicio práctico e que os/as participantes acatan e aceptan as ditas bases no momento da presentación da súa solicitude de participación.

Vista a **reclamación presentada por don Martín Rodríguez Faraldo, o tribunal acorda desestimar a dita reclamación** polos motivos seguintes:

O exame tipo test correspondente á primeira proba non era o mesmo do ano anterior e que as preguntas se axustaron ao temario da convocatoria.

O tribunal acordou anular a segunda proba práctica realizada o día 7 de xuño de 2024, debido a que as instrucións non foron interpretadas de maneira uniforme por todos os involucrados, o que afectou o desenvolvendo adecuado da mesma xerando confusión entre os participantes na súa realización.

No contorno da realización da proba, tanto no día 7 xuño de 2024 como no día 12 de xuño de 2024, o tribunal non se viu influenciado pola presenza de persoas alleas á realización da mesma.

Antes da realización da proba explicouse reiteradamente aos/ás aspirantes o contido da execución da mesma e das posibles penalizacións.

Resultas as alegacións, as puntuacións definitivas son as seguintes:

APellidos e Nome	N.I.F.	Puntuación Total
REGUEIRO RIAL MATIAS	***5525**	44,00



MEDIN PITA JAVIER	***1940**	42,50
MUÑIZ MEIJIDE ENRIQUE	***5281**	41,00
BLANCO DEUS RAFAEL	***2525**	41,00
LOPEZ GARCIA IAGO	***7505**	40,50
FEAL PENA ANTON	***4235**	40,00
EIROA DURAN SERGIO	***1815**	39,50
DOMINGUEZ LOPEZ MIGUEL	***2331**	39,50
IGLESIAS BARBEITO IVAN	***3752**	39,50
GARCIA FERNANDEZ ANTONIO	***2589**	39,00
AMADO FORMOSO ROI	***4061**	38,50
GALLARDO GOSENDE XOEL	***4657**	38,50
GARCIA CORA NICOLAS	***5681**	37,00
PORTO PATIÑO PABLO	***2275**	33,00
BLANCO LOPEZ JUAN	***3863**	32,00
RODRIGUEZ FARALDO MARTIN	***0320**	31,00
FRAGA GALDO ELISA MARIA	***3789**	30,00
SANCHEZ IGLESIAS FRANCISCO JAVIER	***7757**	26,50

A Presidencia levanta a sesión ás 14:00 horas, e redáctase esta acta, de toda a cal, eu, o secretario do tribunal, dou fe.

Presidente

O secretario

José A. Fernández Balsas

Manuel Ares García